



A Xunta de Persoal na súa reunión do 16/10/2017 acordou:

1. Informe das diferentes comisións

Na última reunión da Comisión de Formación acordouse non autorizar máis formación externa que supoña custo porque o orzamento para formación está esgotado.

A Xunta de Persoal acordou solicitar á Xerencia orzamento extraordinario para a formación externa extraordinaria que xurda no que resta do 2017.

Acórdase, levar á comisión de formación, que na formación externa non debe entrar a asistencia a reunións de traballo por diferentes motivos, cando se descoñece a partida adecuada.

Acórdase, tamén, que na memoria anual de formación se inclúa toda a formación externa e o custo da mesma.

2. Comisión de Relacións Internacionais.

No último Consello de Goberno aprobouse a constitución da Comisión de Relacións Internacionais na que hai un representante do PAS.

A Xunta de Persoal acordou por unanimidade nomear a Pedro Monteserín, representante do PAS na dita comisión.

3. Propostas de convocatorias e temarios de oposicións

Na última reunión co Reitor, estableceu un prazo para proporcionarnos un borrador das convocatorias e dos temarios, que todavía non se recibiron.

Acórdase, por unanimidade, solicitar novamente, e por escrito, a convocatoria e os temarios.

Acórdase instar á Xerencia para que se avance no concurso.

Acórdase tamén instar á Xerencia que tome posesión o persoal que superou a promoción a C1 da escala xeral.

Tamén se acorda, instar de novo ao Reitor para que transforme as prazas da OEP 2015 do grupo E ao grupo C2.

4. Asambleas informativas co persoal interino

Acórdase esperar unha semana para ver se a institución responde á solicitude de modificar as prazas de E-AP a C2.

5. Outros asuntos

Acórdase instar á Xerencia a que se sumen dous días máis nos asuntos particulares do 2018, posto que coinciden dous festivos en sábado.

Acórdase solicitar o convenio do CICA.